

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 28 de febreiro de 2020, código de procedemento ED010B, (DOG nº 46, do 9 de marzo)*

Consonte co disposto no artigo 12 da Orde do 28 de febreiro de 2020 pola que se regula a que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en centros dependentes desta consellería en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde (código de procedemento ED010B), e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer público no Anexo I desta resolución a relación provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas do corpo de mestres.

Segundo. Aprobar e facer público no Anexo II desta resolución a relación provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas dos corpos de secundaria.

Terceiro. Aprobar e facer público no Anexo III desta resolución a relación provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde admitidas e excluídas do persoal laboral docente de relixión.

Cuarto. Contra esta resolución provisional, as persoas interesadas poderán formular alegacións, no prazo de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet desta consellería <https://www.edu.xunta.gal>, por medios electrónicos, mediante o trámite *Alegacións* activado no procedemento normalizado ED010B.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

